



ANEXO XII. COMUNICACIÓN DA FINALIZACIÓN PARCIAL E FINAL DAS ACTUACIÓNS

PROGRAMA DE AXUDA ÁS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU, NOS CONTORNOS DE REHABILITACIÓN PROGRAMADA (ERRP) DECLARADOS NO CONCELLO DA CORUÑA

Datos da persoa solicitante

Nome			
Primeiro apelido		Segundo apelido	
☐ DNI/NIF	☐ NIE	☐ Pas.	☐ Outros
Número		Data de nacemento	

E, na súa representación (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome			
Primeiro apelido		Segundo apelido	
☐ DNI/NIF	☐ NIE	☐ Pas.	☐ Outros
Número			

☐	Edificio plurifamiliar	Núm. expediente:
☐	Vivienda unifamiliar	Data de inicio das obras:

De acordo co establecido na convocatoria do Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, COMUNICA a finalización das actuacións das obras previstas na resolución de concesión.

Comunicación de finalización das obras	☐ Parcial
	☐ Final

RELACIÓN DE FACTURAS E ABOAMENTOS

OBRAS

Nº factura	Empresa	Importe (con IVE)	Importe (sen IVE)	Data da factura	Data do pagamento
Total					

HONORARIOS

Nº factura	Empresa	Importe (con IVE)	Importe (sen IVE)	Data da factura	Data do pagamento
Total					



DATOS RELATIVOS AO CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO (cubrir só no caso de comunicación final)

	PREVIO Á INTERVENCIÓN	OBTIDO UNHA VEZ REMATADAS AS OBRAS	PORCENTAXE DE REDUCIÓN (%)
Consumo de enerxía primaria non renovable do edificio ou vivenda unifamiliar (Kwh/m2 ano)			
Demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración (Kwh/m2 ano)			
Cualificación enerxética do edificio, antes da actuación subvencionable, en función do consumo de enerxía (letra)			
Código de rexistro de CEE no RGEEE			

DATOS BANCARIOS (Deberase acompañar de certificado acreditativo da titularidade da conta emitido pola entidade bancaria no que conste o número de conta (IBAN))

Declaro baixo miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

Titular da conta

Número da conta bancaria (24 díxitos)

IBAN							
------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------

A PERSOA SOLICITANTE OU O SEU REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas (para marcar):

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade
- ☐ Si solicitou outras axudas para a mesma finalidade, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

- ☐ Si se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

2. Que, en relación coas axudas de *minimis*, no caso de que a persoa beneficiaria da axuda sexa unha persoa física ou xurídica de natureza privada que exerza actividades económicas ou comerciais (para marcar) :

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda para *minimis*.
- ☐ Si solicitou outras axudas para a mesma finalidade, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

- ☐ Si se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)



3. Que se compromete a comunicar inmediatamente calquera outra subvención que solicite e/ou obteña en réxime de minimis doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.
4. Que se compromete a comunicarlle ao órgano competente para a concesión da axuda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Neste sentido, se unha vez presentada a solicitude da subvención, obtívese algunha outra axuda deberase comunicar ao órgano competente para resolver o procedemento de concesión tan pronto como se coñeza este feito e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, para os efectos do disposto no artigo 30.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. A non comunicación será causa suficiente para o inicio dun expediente de reintegro das cantidades que se puidesen ter cobrado indebidamente.
5. Que en relación co IVE do investimento total (custo da actuación):
 - ☐ O solicitante non é susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial do IVE.
 - ☐ O solicitante é susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial do IVE.Detalle do IVE susceptible de recuperación ou compensación:€
6. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, excepto a da letra e) dos ditos artigos relativa á obriga de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.
7. Estar ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de conformidade co artigo 13.2.g) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o artigo 21 do Regulamento xeral de subvencións aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo, e ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
8. Que a empresa á que se represente non está en crise, de acordo coa definición de empresa en crise que establece o punto 18 do artigo 2 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, do 17 de xuño de 2014, se é o caso.
9. No caso de persoas xurídicas de natureza privada, que se encontran debidamente constituídas, conforme a normativa que lles resulte de aplicación.
10. Que as obras non se iniciaron antes do 1 de febreiro de 2020.
11. Que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria deste programa.
12. Que tódolos datos contidos nesta comunicación son certos.

RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE SE VAN PRESENTAR (MARCAR O PRESENTADO)

Para a comunicación de execución parcial das actuacións:

- ☐ Memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas, na que se faga constar a execución de, polo menos, o 50% das actuacións. Conterá a relación clasificada de gastos polas actuacións realizadas, que inclúa a relación certificada e copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes bancarios de pagamento.
- ☐ Memoria técnica explicativa das obras realizadas así como certificación parcial das obras executadas.
- ☐ Fotografías en cor que amosen o avance das obras realizadas e o cartel temporal.
- ☐ Copia da garantía presentada na Caixa Xeral de Depósitos e copia do xustificante de rexistro de presentación na Caixa Xeral de Depósitos.
- ☐ Certificado emitido pola entidade bancaria en que conste o número de conta (IBAN), no caso de que se modifique a conta bancaria achegada coa solicitude.

Para a comunicación de execución final das actuacións, deberá presentar:

- ☐ Documentación técnica, asinada por técnico competente, xustificativa de ter alcanzado os requisitos establecidos no punto 4 da convocatoria, co seguinte contido mínimo:
 - ☐ Memoria explicativa das actuacións realizadas, declarando que se alcanzaron os requisitos.
 - ☐ Certificación final das obras executadas, así como unha comparativa do orzamento concedido e o custo efectivo das actuacións subvencionables executadas.
 - ☐ Xustificación da redución do consumo de enerxía primaria non renovable obtida; que deberá ser de polo menos do 30%.
 - ☐ Xustificación da redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración da vivenda unifamiliar ou do edificio obtida ($\geq 25\%$), sen prexuízo do disposto para os edificios protexidos.
 - ☐ Certificado de eficiencia enerxética obtido unha vez rematadas as actuacións, debidamente inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia (RGEED).



- ☐ Certificado da instalación térmica, se é o caso.
- ☐ Xustificación do cumprimento dos requisitos referidos á xestión de residuos, xunto ao certificado do xestor de residuos ou documento que certifique a reutilización ou reciclaxe de, polo menos, o 70% dos residuos xerados durante a execución das obras.
- ☐ Xustificación de que as actuacións de mellora ou rehabilitación executadas e as técnicas de construción empregadas apoian a circularidade, certificando o cumprimento da normativa aplicada.
- ☐ Xustificación sobre a retirada de amianto identificado, certificando que o edificio ou, polo menos, o ámbito obxecto da actuación, queda libre de amianto e achegando documento de identificación dos ditos residuos proporcionado polo correspondente xestor autorizado e inscrito na RERA.
- ☐ Reportaxe fotográfica en cor, das obras executadas, onde se mostre o cartel publicitario de carácter permanente.
- ☐ Xustificación de finalización da execución das actuacións, mediante certificado final das obras asinado pola dirección facultativa ou, no seu defecto, declaración responsable da súa execución asinada pola empresa/s contratista/s.
- ☐ Relación certificada e copia dos contratos relativos ás actuacións realizadas.
- ☐ Memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas coa relación clasificada de gastos que inclúa a relación certificada e copia das facturas e das súas correspondentes xustificantes bancarios de pagamento.
- ☐ Certificado emitido pola entidade bancaria en que conste o número de conta (IBAN), no caso de que se modifique a conta bancaria achegada coa solicitude.

A Coruña, de..... de 2025.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE